

2

mulleres foron asasinadas en Galiza no que vai de ano en casos de violencia machista

3.454

denuncias por violencia machista recibidas no primeiro semestre de 2023

972

ordes e medidas de protección e seguridade das vítimas incoadas no primeiro semestre de 2023

472

sentenzas condenatorias por violencia machista no primeiro semestre de 2023

3.410

vítimas de violencia machista no primeiro semestre de 2023

41

vítimas menores de idade no primeiro semestre de 2023

25N

Día internacional contra a violencia machista

Detrás dos números hai **vidas estragadas** polo **terrorismo machista**

Decálogo de prioridades

no reforzo da loita **contra a violencia machista**

1

Ante o negacionismo e a banalización, máis compromisos e máis recursos económicos. Incremento de recursos económicos para **garantir o desenvolvemento do marco legislativo e blindar a loita contra a violencia machista na crise económica.** Vímolos na crise de 2009 e non queremos volver velo nesta, nin un paso atrás e nin un euro menos. Ante a dureza da violencia machista cómpre mellorar os recursos e para iso hai que exixir da Xunta aumentar os recursos económicos e que non se recortarán. Reclamamos o incremento do orzamento específico contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e profundar, á hora de impulsar as medidas, na loita contra a discriminación múltiple ou interseccional das mulleres pola súa orientación sexual e/ou identidade de xénero e, en particular, para erradicar a violencia lesbofóbica e a violencia contra as mulleres trans.

2

Igualdade de recursos ao longo de todo o territorio. Reforzar os Centros de Información á Muller aprobando un programa de ampliación e extensión dos CIM que contemple o incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente

non existen ou están sobrecargados; fixar rateo mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM e incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

3

Fortalecer e ampliar os recursos contra a violencia sexual. Urxe incrementar os esforzos no ámbito da violencia sexual, na liña do marcado polo Convenio de Istambul, acelerando a creación dos centros de atención 24 horas ás vítimas tomando como referencia a totalidade dos hospitais públicos galegos para garantir a súa distribución territorial equilibrada; acelerar o desenvolvemento do protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno aprobado no Parlamento galego e impulsar unha campaña específica no ámbito do ensino secundario e universitario.

4

Reforzo da Atención primaria para que realmente poida ser un ente de detección de violencias machistas, garantindo unha maior maior formación do persoal para recoñecelas e dando cumprimento ao recollido no artigo 25 da lei respecto dos servizos de atención psicolóxica. Así mesmo, impulsar medidas para garantir a formación sanitaria con perspectiva de xénero e acabar coa violencia obstétrica.

5

Avanzar na despatriarcalización da xustiza, aumentando a formación e os recursos. Impulso de cinco novos xulgados exclusivos e excluínates (nos partidos xudiciais de Ourense, Santiago, Lugo, Ferrol e Pontevedra); intensificar a formación para todos os axentes que interveñen na cadea de resposta, de forma especial ante falacias como o inexistente Síndrome de Alienación Parental e o seu uso contra as denunciantes; garantir espazos habilitados seguros e adecuados nos xulgados; investir na mellora dos sistemas de protección, mellorando e ampliando o uso de dispositivos telemáticos de protección, mudar o sistema VioGén para mellorar o seu grao de eficiencia e eficacia, complementar as valoracións policiais con Informes forenses de valoración de risco de carácter urxente e incrementar o persoal do IMELGA ademais de impulsar medidas de protección específicas para as vítimas menores.

6

Contra a trata e camiñando cara a abolición da prostitución. Diante do remate da vixencia do I Plan galego contra a trata impulsar unha avaliación rigorosa do seu resultado para traballar cos colectivos sociais e feministas a súa actualización e o incremento orzamentario. Así mesmo, traballar activamente cara a a abolición da prostitución desde unha perspectiva que puna e persiga o proxeneta e prostituidor ficando as mulleres prostituídas libres de calquera criminalización, estigmatización ou aproximación moralista. Neste sentido, o goberno galego deberá impulsar un programa específico para o abandono do exercicio da prostitución onde se planifique un itinerario transversal e se garanta unha axuda periódica para tal fin.

7

A educación como ferramenta para a transformación. Garantir a formación docente en materia de violencia machista e igualdade a través dunha materia específica no máster habilitante e a través de formación obrigatoria e continuada ao longo da carreira docente. Así mesmo, garantir a materia de Igualdade na oferta curricular das diferentes etapas educativas cunha dotación horaria suficiente.

8

Incrementar a contía económica das axudas para actualizalas conforme á crise de prezos. Aumentar para o ano 2024 as contías da prestación periódica (artigo 39 da lei) para actualizalas conforme ao incremento do IPC e garantir a súa funcionalidade.

9

Incremento dos recursos habitacionais, tanto para a acollida urxente como vivenda tutelada e axudas para o alugueiro. É preciso un novo impulso á Rede Galega de Acollemento, afondando na colaboración con outras administracións para ampliar o número de prazas e extensión xeográfica dos recursos habitacionais de urxencia, así como planificar a progresiva xestión íntegra pública por parte da Xunta de Galiza. Así mesmo, é preciso aumentar os recursos de axuda para o alugueiro e garantir mecanismos de aval para protexer as vítimas ante un endurecemento xeral das condicións de acceso á vivenda que afecta con máis intensidade aos colectivos máis vulnerábeis.

10

Coñecer máis para acertar e avanzar. Elaboración periódica desde o propio Instituto Galego de Estatística dunha **macroenquisa galega bianual sobre violencia machista** que nos permita ter un coñecemento periódico da evolución dos diferentes parámetros de violencia e da percepción pola sociedade. Incorporar ademais elementos de discriminación múltiple ou interseccional e crear unha liña de **financiamento para a súa investigación** tamén do punto de vista cualitativo polo tecido universitario galego, desenvolvendo o ámbito de investigación que contempla a lei galega.